

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019463	Johan Carballeira	Bueu	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP02	Peiteado e cosmética capilar	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0848	Peiteado e estilismo masculino	2023/2024	3	80	96

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LAURA SENÍN MONTÁNS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación corresponde ao módulo de Peiteado e Cosmética Capilar, do ciclo formativo de Técnico en Peiteado e Cosmética Capilar de grao medio. Este ciclo formativo proporciona unha formación básica profesional e de madurez persoal, que facilita a incorporación ao mercado laboral ou a continuidade de estudos a través dos ciclos formativos de Grao Superior. A duración é de dous cursos académicos, desenvolvéndose a totalidade do módulo no propio centro I.E.S. Johan Carballeira. Como se dan variedade de situacións do contexto socio - laboral, para cada alumno como para cada lugar de procedencia deles, planificouse esta programación adaptándoa á realidade da zona, tipo de alumnos, situación do centro escolar, entorno social, etc.

A figura de Técnico en Peiteado, exerce a súa actividade profesional dentro do subsector de "servicios persoais" e máis concretamente na actividade de Perruquería, desenvolvendo os procesos de prestación de servicios, de asesoramento e atención permanente ó cliente en:

- _ Salóns de beleza.
- _ Departamentos de beleza de empresa dedicada ó tratamento da imaxe persoal integral.
- _ Equipos técnicos dependentes de laboratorios e casas comerciais que desenvolven a súa actividade no ámbito da estética, como probadores, demostradores e vendedores.
- _ Hospitais, centros xeriátricos e empresas de servicios fúnebres.
- _ Clínicas de medicina estética.
- _ Departamento de estética das TV.
- _ Estudos de gravacións.
- _ Estudos de fotografía e vídeo.
- _ Escolas de modelos profesionais, pasarelas de moda, ...
- _ Escolas de asesoría de imaxe.

Este módulo desenvólvese no ano académico 2022/2023 , no I.E.S. Johan Carballeira, de Bueu, concello da provincia de Pontevedra. No centro impartense dous ciclos da familia Imaxe Persoal en réxime ordinario: Estética e beleza, Técnico en Peiteado e Cosmética Capilar e fp básica de Peiteado e estético.

Tamén conviven outras Familias profesionais : Administrativo, Soldadura.e outras ensinanzas como son a E.S.O. a E.S.A. os Bacharelatos en todas as súas modalidades, en horario nocturno e diurno.

Os alumnos de ensinanza obligatoria acuden ao centro no transporte escolar. Non existe servizo de comedor aínda co bar permanece aberto para servir comidas nos días lectivos. O alumnado do módulo é maioritariamente feminino. A súa procedencia é rural xeralmente do municipio ou municipios limítrofes, desprázanse ó centro tanto en transporte público como particular. O nivel sociocultural e o nivel socioeconómico familiar é variado. Respecto ao nivel académico, son alumnos procedentes da ESO ou ESA, da Formación Básica de Peiteado e Estética, e tamén dalgún outro ciclo, como o de Estética e Beleza. Este módulo, relaciónase directamente con outros módulos do ciclo, como por exemplo: Estética de mans e pés, peiteados e recollidos, coloración capilar, técnicas de corte no cabelo, cambios de forma permanente do cabelo.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Estilos de barba e bigote	Análise e deseño dos distintos estilos de barba e bigote	12	10
2	A zona de traballo	Descrición das características do posto de traballo a súa preparación e organización.	13	10
3	Arranxo de barba e bigote	Utilización de distintos medios e utensilios	6	10
4	Técnicas previas ao rasurado de barba	Realización das distintas técnicas e coidados complementarios	8	10
5	Rasurado de barba	Proceso de realización do rasurado de barba	15	20
6	Técnicas asociadas ao estilismo facial masculino	Aplicación das distintas técnicas ,diferenciando formas de realización e efectos conseguidos	11	10
7	Corte e acabado masculino	Realización de distintos estilos de cortes de cabelo e acabamentos	31	30

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Estilos de barba e bigote	12

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Deseña estilos de barba e bigote, utilizando técnicas de visaxismo e de tratamento da imaxe.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Establecéronse as pautas de análise do rostro a través do visaxismo.

Criterios de avaliación
CA2.2 Caracterizáronse estilos de barba e bigote.
CA2.3 Determináronse as correccións das desproporcións estéticas no rostro a través da barba e o bigote.
CA2.4 Deseñáronse bosquejos con estilismos de barba e bigote.
CA2.5 Caracterizáronse os programas de tratamento da imaxe a través de medios informáticos.
CA2.6 Propuxéronse cambios de imaxe do rostro masculino mediante transformación de barba e bigote.

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Harmonía do rostro. Aplicación de técnicas de visaxismo e morfoloxía do rostro.</p> <p>Estilos básicos de barba e bigote: clasificación e descrición. Corrección das desproporcións ou discordancias estéticas do rostro a través da barba e bigote.</p> <p>Deseño de estilos a través de bosquejos: deseño manual e a través dos medios informáticos.</p> <p>corrección das desproporcións estéticas a través da barba e o bigote</p> <p>cambios de imaxe do rostro masculino mediante transformación de barba e bigote</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A zona de traballo	13

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica e prepara a zona de traballo, organizando medios, utensilios, ferramentas e persoal para a realización dos procesos de estilismo, en condicións de seguridade e hixiene.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Acondiciónáronse as instalacións e os espazos onde se desenvolve o proceso.
CA1.2 Recoñecéronse os factores de ambientación do espazo de traballo (ventilación, luz, cor, etc.) como factor de calidade do servizo.
CA1.3 Mantivéronse as instalacións e os espazos en condicións de seguridade e hixiene.
CA1.4 Detalláronse as pautas básicas para a recepción e a atención á clientela.
CA1.5 Simuláronse a recepción e a atención á clientela coa aplicación de técnicas de comunicación e normas de comportamento.
CA1.6 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial.
CA1.7 Identifícanse as actitudes e as destrezas necesarias para o desempeño do proceso de estilismo.
CA1.8 Descríbense as normas que definen unha correcta imaxe profesional.
CA1.9 Coidouse a imaxe do persoal profesional.
CA1.10 Aplicáronse as medidas de protección e seguridade do profesional.
CA1.11 Identifícanse as posturas corporais adecuadas para previr accidentes e lesións profesionais.
CA1.12 Seleccionáronse os cosméticos en función da técnica de peiteado e barbaría.
CA1.13 Recoñeceuse a importancia da utilización de material dun só uso.
CA1.14 Manexáronse con destreza os utensilios, os aparellos e os cosméticos.
CA1.15 Aplicáronse os métodos máis adecuados de mantemento, desinfección e esterilización da área de traballo para os procesos de estilismo.
CA1.16 Aplicouse a normativa actual para o control de residuos e utensilios cortantes.

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Posto de traballo: características e distribución da moblaxe. Butaca de barba: tipos e descrición.</p> <p>Medidas de prevención de riscos: medidas de protección do profesional; hixiene postural. Instalacións: seguridade e hixiene; aplicación de métodos de hixiene e desinfección.</p> <p>Manipulación, aplicación, mantemento e conservación dos cosméticos: criterios de selección dos produtos utilizados no estilismo masculino. Efectos, indicacións e contraindicacións. Instalacións: seguridade e hixiene; aplicación de métodos de hixiene, desinfección e esterilización.</p> <p>Manexo e conservación de utensilios, lenzaría e ferramentas: clasificación e descrición.</p> <p>Mantemento e limpeza.</p> <p>Normativa actual de control de residuos e utensilios cortantes.</p> <p>Materiais dun só uso</p> <p>Factores de ambientación do espazo de traballo (ventilación, luz ,color). Como factor de calidade do servizo</p> <p>Condicións de seguridade e hixiene das instalacións e espazos de traballo</p> <p>Imaxe e profesionalidade: imaxe do persoal profesional como imaxe de empresa (vestimenta, calzado, hixiene corporal, peiteado e complementos).</p> <p>Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersoal.</p> <p>Importancia do traballo en equipo.</p> <p>Recepción e atención á clientela para o proceso de estilismo. Normas para a primeira cita.</p> <p>Instrumentos de identificación das necesidades e demandas da clientela. Asesoramento e derivación a superiores ou diferentes profesionais.</p> <p>Actitudes, destrezas e habilidades necesarias para o proceso de estilismo.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Arranxo de barba e bigote	6

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza o arranxo de barba e o bigote, utilizando os medios técnicos e os utensilios adecuados.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Establecéronse medidas de acomodación e protección persoal atendendo a criterios de confortabilidade e seguridade.
CA3.2 Seleccionáronse as técnicas para diminuír a densidade pilosa da barba e do bigote.
CA3.3 Describiuse e aplicouse o procedemento para diminuír a densidade pilosa da barba e o bigote.
CA3.3.1 Describiuse o procedemento para diminuír a densidade pilosa da barba e o bigote
CA3.3.2 aplicouse o procedemento para diminuír a densidade pilosa da barba e o bigote
CA3.4 Utilizouse tesoiras, navalla ou máquina para delimitar o contorno da barba e/ou o bigote.
CA3.5 Comparouse o resultado do arranxo de barba e o bigote coas expectativas establecidas.
CA3.6 Seleccionáronse técnicas de finalización do proceso de arranxo de barba e bigote.
CA3.7 Realizouse a avaliación do resultado e a súa simetría.

4.3.e) Contidos

Contidos
Medidas de acomodación e protección. Preparación e protección da clientela.
Técnica de diminución da densidade pilosa de barba e bigote. Procedemento, fases e pautas de aplicación. Factores que interveñen na aplicación.
Técnica de delimitación e contorno da barba e bigote. Descrición. Parámetros para a realización das manobras. Os retoques.

Contidos
técnicas de finalización do proceso de arranxo de barba e bigote avaliación do resultado e a súa simetría.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Técnicas previas ao rasurado de barba	8

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza técnicas previas e cuidados complementarios ao rasurado, relacionando as características da pel cos tratamentos estéticos adecuados.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Determináronse as características do pelo da barba e do bigote.
CA4.2 Identificáronse alteracións estéticas na zona.
CA4.3 Establecéronse as medidas de atención á clientela.
CA4.4 Especificáronse as medidas de protección á persoa usuaria.
CA4.5 Xustificáronse as técnicas de preparación da pel antes do rasurado.
CA4.6 Aplicáronse tratamentos estéticos previos ao rasurado.
CA4.7 Aplicouse masaxe específico para preparar a pel.

4.4.e) Contidos

Contidos
Análise da pel e o pelo para os procesos de barba.
Preparación, atención e protección da clientela.
Técnicas específicas preafaitado: tipos e criterio de selección de técnicas.
Tratamentos estéticos previos ao rasurado: tipos, descrición e pautas de realización.
Masaxe preafaitado: características e técnicas de realización.
Alteracións estéticas na zona

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Rasurado de barba	15

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Aplica técnicas de rasurado da barba, interpretando o procedemento de traballo e seguindo as condicións hixiénico-sanitarias.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Selecciónanse as técnicas para o rasurado: navalla, máquinas dun só uso, máquinas eléctricas, etc.
CA5.2 Selecciónanse utensilios e preparáronse os cosméticos para a humectación da barba.
CA5.3 Manexouse a brocha e/ou cosméticos segundo o modo e a orde de execución.
CA5.4 Manexouse a navalla seguindo criterios de seguridade.

Criterios de avaliación
CA5.5 Manexáronse adecuadamente as máquinas dun só uso e eléctricas.
CA5.6 Executáronse as manobras do rasurado na orde establecida.
CA5.7 Determináronse as técnicas de finalización de rasurado.
CA5.8 Aplicáronse tratamentos posteriores ao rasurado.
CA5.9 Formuláronse medidas de actuación en caso de emerxencias ou reaccións inesperadas por irritacións, alerxias ou cortes.

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Técnica de humectación da barba: utensilios e cosméticos; movementos da brocha; orde de execución.</p> <p>Técnica do rasurado ou apurado da barba con navalla: características e técnicas de realización. Movementos e afiadura da navalla. Parámetros para a realización das manobras.</p> <p>Outras técnicas de rasurado: con máquinas dun só uso e eléctricas, etc.</p> <p>Técnicas de finalización do afeitado: criterios de selección de técnicas manuais, cosméticas e electroestéticas. Precaucións.</p> <p>Protocolos de actuación en caso de emerxencia ou reaccións inesperadas por irritacións, alerxias ou cortes.</p> <p style="color: green;">Selección de técnicas para o rasurado</p> <p style="color: green;">Manobras do rasurado</p>

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Técnicas asociadas ao estilismo facial masculino	11

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Aplica técnicas asociadas ao estilismo facial masculino, diferenciando formas de realización e efectos conseguidos.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Seleccionáronse técnicas para a depilación de cellas e outras zonas faciais.
CA6.1.1 Identifica técnicas para a depilación de cellas e outras zonas faciais
CA6.1.2 Realiza técnicas para a depilación de cellas e outras zonas faciais
CA6.2 Configúranse patillas e acabamentos do pescozo e a caluga.
CA6.3 Seleccionáronse a técnica e os utensilios adecuados.
CA6.4 Aplicáronse técnicas de definición de acabado do pescozo e as patillas.
CA6.5 Verificouse o resultado a través da súa simetría.
CA6.6 Realizáronse cambios de cor en estilismos masculinos.
CA6.7 Utilizáronse produtos e materiais adecuados.
CA6.8 Seleccionáronse técnicas para realizar acabamentos de fantasía.
CA6.9 Deseñáronse estilismos masculinos innovadores.

4.6.e) Contidos

Contidos
Depilación facial masculina: zonas e métodos de aplicación; vantaxes e inconvenientes; precaucións.
Definición e acabado do pescozo e as patillas: procedemento de traballo; precaucións.
Cambios de cor no estilismo masculino. Medidas de protección e reparación da pel. Criterio de selección de técnicas e cosméticos. Vantaxes e inconvenientes; precaucións.
Acabamentos de fantasía en estilismo de barba e bigote.

Contidos
Diseño de estilismo innovador de caballero

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Corte e acabado masculino	31

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Realiza corte e acabado de cabelo, integrando técnicas de estilismo masculino.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA7.1 Definíronse os estilos de corte masculino.
CA7.2 Seleccionouse a técnica segundo os utensilios de corte.
CA7.3 Configurouse o corte en función das características do cabelo e a morfoloxía de rostro e do cranio.
CA7.4 Establecéronse os parámetros para a realización do corte.
CA7.5 Realizouse o corte de cabelo segundo os criterios establecidos.
CA7.6 Establecéronse os criterios de selección dos produtos específicos para conseguir o acabado pretendido.
CA7.7 Realizáronse acabamentos e peiteados masculinos.

4.7.e) Contidos

Contidos
Estilos de corte masculino: clasificación e descrición.
Técnicas de corte masculino: clasificación; criterio de selección de técnicas; vantaxes e inconvenientes; precaucións.
Configuración do corte: aplicación de medidas e proporcións en función da característica do cabelo e a morfoloxía de rostro e o cranio.
Parámetros para a realización: utensilios, orde e formas de execución.
Realización de acabamentos. Estilos de peiteados masculinos: tipos.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva son os establecidos como tales nos diferentes criterios de avaliación e están recollidos en cada una das distintas unidades didácticas
<ul style="list-style-type: none"> - Recepción, atención á clientela - Costumes de traballo, orde e limpeza - Cosméticos e material necesario - Desinfección e esterilización da área de traballo - Normativa para o control de residuos e utensilios cortantes - Medidas de protección e seguridade do profesional e clientela - Destreza no manexo dos utensilios, aparellos e os cosméticos - Técnicas de visaxismo e morfoloxía do rostro - Clasificación ,descrición,correccións dos distintos estilos da barba e bigote - Técnicas para disminuir a densidade pilosa da barba e do bigote - Utilización da tesoir, navalla ou máquina para delimitar o contorno da barba e/ou bigote - Avaliación do resultado e a súa simetría - Alteracións estéticas na zona - Preparación da pel antes do rasurado - Tratamentos estéticos previos ao rasurado



- Masaxe específico para preparar a pel
- Técnica para o rasurado
- Utensilios e cosméticos necesarios para a humectación da barba
- Manexo da brocha e/ou cosméticos segundo o modo e a orde de execución
- Criterios de seguridade
- Manexo das máquinas específicas
- Técnicas de finalización do rasurado
- Tratamentos posteriores ao rasurado
- Medidas de actuación en caso de emerxencia, alerxias, cortes, etc.
- Depilación de cellas e outras zonas faciais
- Execución de distintos cortes de cabelo (basico, peine-tixeira, máquina...)
- Configuración de patillas e acabamentos do pescozo e a caluga
- Definición de acabamentos do pescozo e as patillas
- Resultado a través da súa simetría
- Productos e materiais adecuados
- Acabamentos e peiteados masculinos/ acabamentos de fantasía
- Estilismos innovadores masculinos

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- Os alumnos traerán modelos cando a profesora o esixa, e ademáis atenderán ós modelos que acuden o taller aínda que non sexan coñecidos ou familiares pois é necesario que se acostumbren a tratar á clientela, xa que así se vai a desenvolver o seu traballo no futuro.
- Esixiráselle ó alumnado traballar entre elas, e coa clientela...e cambiar de parella cando a profesora así o crea necesario.
- En cada trimestre esixiráselle ó alumno a realización de unha serie de traballos mínimos.
- Cada alumno traerá todos os días o material necesario en perfecto estado de conservación e hixiene.
- A avaliación será continua, formativa e integradora. Que sexa continua, non implica que aprobar a 3ª avaliación, supoña aprobar o curso aínda que teña suspensas algunha das anteriores. Para aprobar o curso, hai que aprobar todas as avaliacións, polo tanto a nota da terceira avaliación e final, será suspensa se o alumno ten pendiente algunha das tres avaliacións. Haberá exames prácticos e teóricos en cada avaliación.

PROBAS PRÁCTICAS E TRABALLOS NA AULA-TALLER

O alumno deberá realizar en cada avaliación uns traballos mínimos, esto permite ó profesor ir adecuando os traballos ó nivel do alumnado e facer fincapé si é necesario nas tarefas que lles resulten máis complicadas. Como norma xeral, esixírase que realice un traballo por xornada de taller, tendo en conta que, cada xornada son tres sesións, e que pode realizar varios traballos en cada xornada, esto permite que aínda que falte algún día por enfermidade etc, non lle supoña ningún problema poder realizar os traballos mínimos. Cando finalice o traballo, éste será rexistrado polo profesor, o que non significa en ningún caso que estea superado, simplemente indica que se realizou.

Teráse en conta todas as tarefas diarias que o alumno/a realiza na aula-taller, por tanto, a nota da parte práctica, será resultado da ponderación dos traballos realizados ó longo da avaliación na aula-taller. A avaliación de cada tarefa, fázase mediante observación directa e reflexarase nunha Táboa de Observacións, de aspectos procedimentais ou de execución(preparación do material de traballo, execución e pasos, tempo empregado na tarefa, destreza, e resultado final) e de profesionalidade (uniformidade, imaxen persoal, iniciativa ó traballo, orden e limpeza da zona de traballo e traballo en equipo).

PROBAS TEÓRICAS

Todos os traballos valoraranse do 0 a 10. O examen escrito consistirá, por norma xeral, nun formato de un mínimo de 20 a un máximo de 50 preguntas de resposta pechada, baixo formato de elección múltiple, nas que só unha opción é correcta e as restantes consideráanse erróneas e restarán a nota, en cada exame indicárase o valor de cada acerto e de cada erro. Poderase valorar facer un examen de desenrolo, do tipo de resposta construída si se considera oportuno. Tamén se poderán realizar traballos elaborados polo alumnado, de maneira individual ou en grupo, e que poderán ser escritos, ou escritos con exposición oral

OS PORCENTAXES COS QUE SE FORMA A NOTA FINAL

PARTE PRÁCTICA: as probas de tipo práctico contarán cun 60% da nota. Nelas incluírá os traballos realizados ao longo do curso. A nota mínima nestas probas para realizar a media co teórico será dun 5.

PARTE TEÓRICA: as probas de tipo teórico suporá o 40% da nota. A nota mínima desta proba para realizar a media co práctico será dun 5.

Todas as actividades desenvolvidas axustaranse ós seguinte parámetros:

-O alumnado traerá modelos reais sempre e cando se considere oportuno

-Traballar entre eles/as sempre que a profesora considere e a situación hixiénico sanitarias o permitan.

-O alumnado traerá tódolos días o material necesario correspondente o módulo.

-En cada trimestre esixíraselle ao alumnado as fichas técnicas completas de todos os servizos realizados, tanto en perrucas (maniquí), como casos reais.

Para obter o aprobado na cualificación final, o alumnado deberá superar todas as partes así como cada trimestre.

Para superar a avaliación é necesario superar os C.a vinculados ós mínimos esixibles e superar cada unha das partes con un 5 de nota mínima, tanto na parte teórica como na parte práctica, non se fará media se algunha das partes está suspensa. Cada parte terá unha porcentaxe que estará determinada polos pesos dos CA avaliados.

Térase en conta con ata 1 punto positivo a sumar a calificación final o facer un maior número de traballos mínimos, sempre que teñan como mínimo un 5.

Será imprescindible ter un 5 en cada unha das partes (práctica e teórica) para facer media.

CASO DE NON PRESENTARSE A UN EXAME OU PROBA

Se un alumno non se presenta(sin causa xustificada) a unha proba ou exame, obterá como cualificación na mesma un suspenso. Esta proba(teórica ou práctica) só se lle repetirá, no caso de enfermidade sobrevida e con xustificante médico.

Caso de non presentar en prazo un traballo:

Se un alumno nunha avaliación non presenta un traballo no prazo establecido, contará como non presentado, se é obrigatorio para aprobar,suspenderá a avaliación. O alumno terá que entregar o traballo,se é requisito obrigatorio, aínda que sexa fora de prazo, e teráselle en conta para a recuperación da avaliación, a entrega do traballo será requisito indispensable para poder recuperala.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación****ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DAS PARTES NON SUPERADAS:**

Cando algún alumno non alcance unha calificación suficiente en calquera dos conceptos avalidados para os que se considere necesario a súa consecución, estableceranse actividades específicas de recuperación que relizarán ó longo das unidades seguintes.

Estas actividades poden consistir, segundo a natureza dos conceptos, coñecementos e as capacidades implicadas en: resolución de cuestionarios, análise e solución de problemas e casos, traballos prácticos, informes. realización de estudos e exposicións, etc...

O profesor se é o caso, poderá pedirlle os alumnos que traian modelos reais para a realización das probas prácticas, así como o seu material en perfectas condicións hixienicas. Se non fixeron os traballos mínimos ou non os superaron terán que realízalos para obter o aprobado.

A porcentaxe será a mesma que para aprobar na avaliación ordinaria, vinculada os pesos dos CA tanto de contido teórico que se avalían cunha proba escrita como norma xeral como os prácticos que se avalían coa táboa de observacións e será necesario ter un 5 en cada parte (teoría e práctica) para aprobar, a nota final será 5, tanto para nota 5, como para notas superiores.

MÓDULO NON SUPERADO:

O alumno/a pasa de curso co módulo pendente , elaborárase un informe individualizado que conterá información suficiente sobre os resultados de aprendizaxe non alcanzados, para que se teña en conta na súa posterior aprendizaxe . O alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización , temporalización e data en que será avaliado. A avaliación deste

módulo pendente de 1º curso levarase a cabo coa avaliación final ordinaria de 2ª curso.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos que perdan o dereito a avaliación continua (superar o tope de faltas do 10%) terán unha proba extraordinaria en xuño.

Será unha proba teórica(de 1 o 2 sesións de duración) e outra práctica (de 3 sesións de duración).

Contido da proba:

- Selección de todo o material adecuado para o traballo práctico en condicións de seguridade e hixiene adecuadas.
- Realización teórica e práctica de traballos, baseándose nos contidos mínimos esixibles.

A data de celebración da proba extraordinaria será a acordada polo equipo educativo/directivo,sobre a base dos regulamentos de organización e funcionamento do centro e darase a coñecer ó alumnado no tableiro informativo con antelación suficiente.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA EXTRAORDINARIA

Proba teórica..... 40% (formato elección multiple e resposta pechada, de desenrolo, ou unha combinación de ambas)

Proba práctica..... 60%(poderá ter parte escrita onde explique os procedimentos que vai a realizar, quedando así constancia escrita dos pasos que vai a realizar)

O/a alumno/a deberá traer un/unha ou varias/os modelos para poder realiza-la proba e o material necesario. Imprescindible acadar un 5 de nota en cada unha das partes, teórica e practica, para facer media e aprobar o módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A programación aválase de forma continua nas reunións de ciclo e de departamento, nas que se fai o seguimento.

A avaliación final e completa realízase coa memoria final do módulo incluída na memoria de ciclo e na memoria do departamento, onde constarán os datos máis relevantes do desenvolvemento da programación o longo do curso, tales como temporalización das diferentes unidades didácticas, probas realizadas, prácticas e resultados acadados en cada unha delas, estadística de resultados acadados, etc. Así mesmo cubrirose unha ficha modelo, na que se valorarán diferentes aspectos de interese para o correcto desenvolvemento da programación e poder facer tamén unha avaliación da propia práctica docente.

FICHA MODELO: AUTO-AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN E PRÁCTICA DOCENTE:

Puntos a valorar / valoración: Si \ No \ En parte

1. A programación deixa claro os obxectivos máis relevantes.
2. A metodoloxía utilizada favorece a participación dos alumnos na clase e é motivadora de futuros aprendizaxes.
3. As actividades plantexadas espertan o interese dos alumnos.
4. Valoran positivamente os alumnos o seu centro educativo.
5. Propoñense actividades que gardan estreita relación coa competencia xeral do ciclo formativo.
6. Aplícanse as medidas de profundización e recuperación previstas na programación.
7. Utilizan os alumnos recursos materiais, bibliográficos, TIC ou institucionais para a realización dos traballos ou para profundizar nos contidos.
8. Depositán os alumnos a súa confianza no centro en aspectos relacionados coa súa inserción laboral (FCT, bolsa de traballo...)
9. Analízanse os resultados da FCT e as indicacións que poidan facer os titores da empresa e utilízanse para futuras programacións.
10. Os resultados obtidos están sendo similares a outros grupos do mesmo nivel e o de cursos anteriores.
11. O clima de aula favorece o desenvolvemento normal da clase.
12. Hai canles establecidas para resolver os conflitos cando xurden.
13. Os medios do centro son adecuados para cumprir os obxectivos do noso módulo e están adaptados ao tipo de alumnado.
14. Existe coordinación entre o equipo docente do grupo.

Outras Observacións:

Propostas de mellora:

Obxectivo: este documento serve para que reflexionemos sobre aspectos que consideramos destacados, respecto do proceso de ensinanza-aprendizaxe, a partir dos resultados de aprendizaxe dos alumnos.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comenzo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente. Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Para iso, realizaranse uns cuestionarios ao alumnado co fin de indagar nos coñecementos que teñen a nivel xeral e observarase na aula e no taller as súas actitudes e aptitudes nas primeiras semanas do curso. Posteriormente xuntarase o equipo docente para a posta en común das informacións acadadas de cada alumna/o, e facer posible a avaliación inicial.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Dentro do grupo pode haber alumnos/as que non acadan os obxectivos das actividades ou, polo contrario, que alcanzan sobradamente os obxectivos previstos. En ambos casos prantexarase alternativas.

- Ofrecer para cada actividade tres posibilidades:

+ Unha actividade común para todo o alumnado con fin de asimila-los contidos mínimos.

+ Unha máis complexa para o alumnado que acade os obxectivos previstos onde se afofunde nos coñecementos adquiridos.

+ Unha máis sinxela, cunha metodoloxía distinta e máis secuenciada, para que aquel alumnado que non acadara os mínimos, sexa capaz de chegar por outro camiño ós fins propostos.

- Seguimento máis preto do profesor ou profesora do alumnado con dificultades para acadar os obxectivos.

- No caso de detectar alumnos con necesidades especiais, discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais, dificultades de idioma... etc. E sempre co asesoramento do equipo de orientación, o titor, e os profesores implicados adoptarán as medidas recomendadas por dito equipo.

- Para o alumnado que non supere o módulo, ademais das medidas anteriormente expostas, realizaranse probas orais ou/e escritas, xunto coa realización dalgunha das actividades das unidades de traballo nas que non se acadaran os obxectivos previstos, no mes de xuño.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Partimos de que os temas transversais deben impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade.

Educación para a convivencia

Persegue e concreta unha parte importante dos obxectivos da educación moral e cívica presentes en todo o currículo. Pretende educar para a convivencia no pluralismo mediante:

O respecto á autonomía dos demais.

O diálogo como forma de solucionar as diferencias.

Educación para a saúde

Pártese dun concepto integral da saúde como benestar físico e mental, individual, social e medioambiental. Plantexa dous tipos de obxectivos:

Adquirir un coñecemento progresivo do corpo, das principais anomalías e enfermidades, e do modo de previlas ou sanalas.

Desenrolar hábitos de saúde: hixiene corporal e mental, alimentación correcta, prevención de accidentes, etc.

É a transversal por excelencia desta materia xa que se traballa en todas as unidades e ó longo de todo o curso.

O coñecemento do corpo, dos seus órganos e sistemas, é o primeiro paso para valorar a saúde e desenvolver hábitos saudables de hixiene e desinfección e para rexeitar prácticas nocivas como o consumo de tabaco, alcohol e outras drogas.

É importante cando estudamos o tema de adoptar posturas correctas para previr lesións na columna vertebral, varices, etc.

Destacar tamén os beneficios do exercicio físico: o noso sistema locomotor necesita exercicio para que as articulacións funcionen correctamente.

Importancia dunha boa alimentación para o noso pelo e pe le unllas.

Educación para a paz

Non se pode dissociar da educación para a comprensión internacional, a tolerancia, o desarme, a non violencia, o desarmamento e a cooperación. Persegue o obxectivo práctico, entre outros de:

Entrenarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.

Educación do consumidor

Planteas, entre outros, estes obxectivos:

Adquirir esquemas de decisión que consideren tódalas alternativas e os efectos individuais, sociais, económicos e medioambientais.

Desenrolar un coñecemento dos mecanismos do mercado, así como dos dereitos do consumidor e das formas de facelos efectivos.

Crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa críticamente ante o consumismo e a publicidade.

Educación para a igualdade

Plantéxase expresamente pola necesidade de crear dende a escola unha dinámica correctora das discriminacións. Entre os seus obxectivos están:

Desenrolar a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade

Analizar críticamente a realidade e correxir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, profesións, etc.

Adquirir habilidades e recursos para realizar cualquier tipo de tarefas.

Consolidar hábitos non discriminatorios.

Educación ambiental

Entre os seus obxectivos, atópanse os seguintes:

Adquirir experiencias e coñecementos suficientes para ter unha comprensión dos principais problemas ambientais.

Desenrolar conciencia de responsabilidade respecto do medio ambiente global.

Desenrolar capacidades e técnicas de relacionarse co medio sen contribuir ó seu deterioro, así como hábitos individuais de protección do medio.

Educación para Europa

Os obxectivos principias son:

Adquirir unha cultura de referencia europea en xeografía, historia, linguas, institucións, etc.

Desenrolar a conciencia de identidade europea e a asunción progresiva dla cidadanía europea cos seus valores, dereitos e obrigas.

Preparar para a cooperación cívica, tecnolóxica e profesional entre os europeos.

Educación multicultural

A educación multicultural ¿ou intercultural¿ ven esixida pola crecente intercomunicación das culturas, e fanas máis urxente os brotes de racismo e xenofobia observados ante a crecente presenza entre nos de inmigrantes racial e culturalmente diferentes. Alguns dos seus obxectivos son os seguintes:

Despertar o interese por coñecer outras culturas diferentes coas suas crenzas, institucións e técnicas.

Desenrolar actitudes de respeto e colaboración con grupos culturalmente minoritarios.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- .- Seguimento das novas publicacións, como libros, vídeos, revistas, etc.
- .- Visitas a museos, exposicións, feiras, congresos, etc. de tipo profesional e cultural.
- .- Elaboración de material didáctico en ordenador, debuxos, fotografías, maquetas, posters, etc.
- .- Realizar algún curso de actualización profesional por parte dal gunha casa comercial ou outros profesionais.
- .- Realización dalgún cursiño sobre temas profesionais como cor, unllas, etc.
- .- Visitas a balnearios, fábricas de cosméticos, etc.
- .- Charlas sobre dietética, nutrición, bulimia, anorexia, etc. por especialistas médicos, ou outros temas de interese.
- .- Concurso L¿oreal,

10.Outros apartados

10.1) CMIMP02

PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19

Durante o curso 2022-2023 non haberá un protocolo específico de adaptación ao contexto da Covid-19 no ámbito educativo. Non obstante, será preciso manter unha serie de recomendacións:

1. Ventilación de espazos.
2. Hixiene de mans e hixiene respiratoria
3. A máscara non será de uso obrigatorio excepto no transporte escolar. Será recomendable no caso de persoas con criterios de vulnerabilidade ou que presenten síntomas compatibles coa Covid -19.
4. Actuación ante síntomas compatibles e casos positivos de Covid-19

Se unha persoa presenta síntomas compatibles coa Covid-19 non precisa illamento pero deberá utilizar máscara e manter una hixiene de mans e respiratoria axeitada. Tamén evitará a interacción con persoas vulnerables. En calquera caso, se a sintomatoloxía lle impide asistir con normalidade ao centro, non acudirá, como no caso de calquera outra enfermidade común.